



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE INTEGRA NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A UNIDADE DE DIAGNÓSTICO POR IMAXE, NA PARTE CORRESPONDENTE Á UNIDADE ECONÓMICA ASOCIADA Á ACTIVIDADE DE RESONANCIA FIXA DEPENDENTE DE GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, SA.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, en relación co proxecto de Decreto polo que se integra no Servizo Galego de Saúde a unidade de diagnóstico por imaxe, na parte correspondente á unidade económica asociada á actividade de resonancia fixa dependente de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA, emite o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA é unha sociedade mercantil pública, de capital integramente subscrito pola Comunidade Autónoma de Galicia, adscrita ao Servizo Galego de Saúde, que foi constituída mediante o Decreto 229/1994, do 14 de xullo, baixo a denominación social de Instituto Galego de Medicina Técnica, SA (Medtec).

Por acordo do Consello de Administración do Medtec do 30 de xullo de 2008, recollido no Decreto 209/2008, do 28 de agosto, aprobouse o cambio de denominación social pasando a denominarse “Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA”, con recoñecemento expreso da súa condición como medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos e entidades de natureza pública.

Neste senso, Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no campo sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario.

A disposición adicional terceira da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece o procedemento de reordenación de entidades





instrumentais no ámbito sanitario aplicado a Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA.

A tal efecto, dispón que o patrimonio de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA adscrito ás unidades asistenciais e administrativas que regulamentariamente se integren no Servizo Galego de Saúde e que resulte do proceso de liquidación conforme ó disposto na lexislación mercantil, incorporárase ó patrimonio do citado organismo autónomo. O Servizo Galego de Saúde subrogase en todo os dereitos e obrigas que teñen a súa orixe nesta unidade a partir da súa integración efectiva.

Engade a referida disposición adicional que o Servizo Galego de Saúde subrogase na totalidade das relacións laborais do persoal de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA que presta servizos nas unidades asistenciais e administrativas que regulamentariamente se integren, que manterá a natureza e o réxime xurídico do vínculo de orixe. No caso do persoal que integra a unidade de diagnóstico por imaxe, na parte correspondente á unidade económica asociada á actividade asistencial de resonancia fixa, o vínculo é estatutario.

Dende un punto vista mercantil, para levar a cabo a reordenación da unidade descrita e posibilitar a súa integración no Servizo Galego de Saúde, Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA acometeu unha operación mercantil de redución de capital con devolución de achegas ao seu accionista único, como vehículo de transmisión dos elementos adscritos á unidade titularidade de Galaria.

Esta forma de transmisión é a prevista no artigo 53 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable a Galaria, que dispón que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais poden adquirir bens e dereitos por redución de capital de sociedades ou de fondos propios de entidades públicas instrumentais. Ademais, Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA acordou ceder ó Servizo Galego de Saúde os contratos de servizos dos que é titular, e que están vinculados á unidade que se integra.

A redución de capital con devolución de achegas é unha operación mercantil que non supón desembolso ningún por parte do accionista único de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA, pero que obriga á modificación do artigo 5º dos seus estatutos sociais, na contía que representan os elementos de inmovilizado da súa titularidade afectos ás resonancias fixas da unidade de diagnóstico por imaxe.





Esta modificación estatutaria foi autorizada polo Consello da Xunta na súa reunión do 29 de maio de 2019, de acordo co disposto no artigo 105.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Así pois, esta norma é coherente coas competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de saúde e congruente co resto da normativa, polo que garante o cumprimento do principio de seguridade xurídica.

2. Necesidade e oportunidade

Este proxecto regulamentario adecúase ao que dispón o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. De igual modo cumpre co disposto no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Os ditos preceptos exigen que en todas as iniciativas normativas se xustifique a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade, eficacia e eficiencia.

A necesidade normativa deste proxecto está xustificada pola previsión da disposición adicional terceira da Lei 12/2014, do 22 de decembro, que se mencionou no punto primeiro deste informe.

En abril de 2002 constituíuse a área de servizo compartido de diagnóstico por imaxe do Complexo Hospitalario Xeral Cíes, de acordo co previsto no Decreto 37/2001, do 1 de febreiro, de configuración de áreas de servizo compartido en estruturas hospitalarias do Servicio Galego de Saúde. Dende ese momento as persoas profesionais da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo veñen informando probas de resonancia.

En maio do 2016, con motivo da apertura do Hospital Álvaro Cunqueiro, aprobouse un plan de integración funcional da unidade de resonancia magnética na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo.

A partir de febreiro do 2018 este cambio organizativo fíxose efectivo pasando a organizarse o funcionamento da unidade de resonancia de Vigo a través dunha distribución en órganos e sistemas. Basicamente esta organización, que se levou a cabo dunha forma progresiva, supuxo a posta en marcha das áreas de mama, anestesia, abdome, neuroradioloxía, de tórax-cardiovascular, pediatría, columna e





músculo esquelético. A partir dese momento, do mesmo xeito, a organización e as liñas de responsabilidade dentro do servizo, a coordinación das necesidades asistenciais, a xestión dos programas de xestión de calidade e, sobre todo, a xestión da demanda dos servizos clínicos, pasou a corresponderlle directamente á xefatura de servizo da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada.

Finalmente, dentro deste proceso de integración funcional, en xuño do 2018, aprobouse dende a Xerencia do Servizo Galego de Saúde o plan operativo de integración funcional da unidade de resonancia magnética, no marco da área de servizo compartido de diagnóstico por imaxe da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo.

Este plan, fundamentalmente, trataba de marcar os obxectivos operativos deste proceso coa organización das axendas por áreas anatómicas, determinar as competencias das distintas persoas responsables da área e establecer o procedemento de citación dos/as pacientes e da xestión das axendas.

Neste momento transcorreu máis dun ano dende que se iniciou este último cambio no proceso de integración. Dende o Servizo Galego de Saúde entendeuse, dende un principio, que este tipo de actuación debería levarse a cabo dunha forma progresiva. Por iso, este proxecto regulamentario pretende levar a cabo a integración definitiva das unidades fixas de resonancia magnética dentro da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo.

O xuízo de proporcionalidade dun proxecto normativo atende ao seu grao de inxerencia nun ámbito protexido así como o carácter e alcance do sacrificio que impón sobre os dereitos ou intereses afectados. Neste proxecto a proporcionalidade vai unida coa busca dunha integración que permita manter o nivel da calidade asistencial nos servizos públicos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, concretamente, na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo.

Por iso, nun momento no que se está producindo na área sanitaria de Vigo unha importante reordenación de recursos, considérase necesario que a unidade de diagnóstico por imaxe, na parte correspondente á unidade económica asociada á actividade asistencial de resonancia fixa integre os seus medios técnicos e humanos baixo a mesma organización administrativa que o resto das unidades coas que comparten a asistencia.

Seguindo o principio de eficacia, este proxecto regulamentario busca favorecer a continuidade na prestación dos servizos có mantemento da calidade asistencial e a asunción directa por parte do Servizo Galego de Saúde da unidade referida tras un





proceso de integración progresivo, o que se entende que repercute nunha mellora na atención aos/ás pacientes e unha maior coordinación e interrelación co resto de unidades da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo. En definitiva, pretende unha maior racionalización e eficiencia no sector público autonómico evitando posibles duplicidades e integrando unha unidade cunha alta eficacia asistencial.

É así que con esta integración preténdese que a actividade sexa realizada dentro da Administración xeral aproveitando a estrutura existente e a oportunidade que se produce coa actual reorganización da área sanitaria de Vigo, establecendo o procedemento polo que se vai a producir a integración na estrutura humana da Administración do persoal desa unidade, con escrupuloso respecto ás normas que regulan a organización e funcionamento do sector público autonómico e, concretamente, todo o relativo ás sociedades mercantís públicas autonómicas.

En relación co principio de eficiencia, esta iniciativa procura racionalizar a xestión dos recursos públicos e non supón incremento de cargas.

En canto ao principio de transparencia, o artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, sinala que “cada consellaría publicará na súa páxina web a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento no que se produza a aprobación do anteproxecto, e indicará o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo”. Neste mesmo senso se manifesta o artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Respecto da posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo, de acordo co artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, non será necesaria ningunha forma de audiencia ou información pública ao tratarse dun proxecto normativo que foi obxecto de negociación na Mesa sectorial de persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de saúde do 15 de maio de 2019.

A aprobación desta norma regulamentaria non implica a derogación de ningunha normativa. Indicar, por último, que este proxecto non ten incidencia ou impacto por razón de xénero.

3. Tramitación





No que respecta á instrución na elaboración do proxecto, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións que conteñen os artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- a) Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade do 31.05.2019 (artigo 41.2.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- b) Unha memoria económico-financeira do 31.05.2019 (artigo 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do anteproxecto regulamentario do 31.05.2019 asinado pola persoa titular da Consellería de Sanidade (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade elaborou o informe preceptivo con data 31.05.2019 (a táboa de vixencias é da mesma data) e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto por parte da persoa titular da Consellería de Sanidade o 03.06.2019 (artigos 41.2.c e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, publicouse no Portal de transparencia e goberno aberto, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que están en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como se existe a posibilidade de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

O 04.06.2019 o secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade acordou que este proxecto de decreto non se someta a audiencia pública, de acordo co artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. Isto motivouse en que foi obxecto de negociación na Mesa sectorial de persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde do 15.05.2019.

Da tramitación do proxecto e ao abeiro do que exige o artigo 42 da Lei 17/2010, do 17 de decembro, así como a pertinente normativa sectorial de aplicación, derivan os seguintes informes:





- a) O informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade, do 10.06.2019.
- b) O informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 11.06.2019.
- c) O informe da Dirección Xeral da Función Pública, do 13.06.2019.
- d) O informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, do 13.06.2019.
- e) O informe da Asesoría Xurídica do 18.06.2019. A Asesoría Xurídica entende que o contido deste proxecto de decreto cumpre os requisitos que se establecen na normativa de aplicación.

4. Contido e estrutura do proxecto de decreto

O proxecto normativo examinado consta dunha parte expositiva, 4 artigos, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras. Tamén contén dous anexos.

O contido da norma é o seguinte:

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Traspaso de bens.

Artigo 3. Medios persoais.

Artigo 4. Asunción de obrigas.

Disposición transitoria única. Tratado de período anterior á integración da unidade de resonancia fixa.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento normativo.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Anexo I. Relación de contratos de servizos.

Anexo II. Relación do persoal que se integra no Servizo Galego de Saúde.

5. Legalidade

Nas memorias e informes que se uniron ao expediente queda perfectamente xustificada a adecuación desta iniciativa regulamentaria aos principios de necesidade, proporcionalidade, simplicidade e eficacia que recolle o artigo 37.a) da Lei 14/2013, do





26 de decembro; así mesmo, os principios de seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade mencionados no devandito precepto respectáronse en todo momento durante a tramitación do proxecto, que se axustou ao que preceptúan os artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Este proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Sanidade, e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta, segundo o artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de decreto conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela,

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

Laura Recacho Rivas

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

